

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DUN SERVICIO DE PRODUCCIÓN, APERTURA E VIXIANCIA PARA A EXECUCIÓN DE ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES NO AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE ASÍ COMO DOS SERVIZOS DE PRODUCCIÓN NO MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO (MIHL) E DE ACTIVIDADES NA RÚA E OUTROS LUGARES ORGANIZADOS POLA CONCELLERÍA DE CULTURA DO CONCELLO DE LUGO. Apertura oferta económica.**

Sendo as 13:30 horas do día 10 de xullo de 2013, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla, 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Ilma Sra Teneta de Alcalde delegada da área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, actuando como vocais dona Carmen Basadre Vázquez, Concelleira delegada da área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, dona María Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal do Partido Socialista, dona Paz Abreira Sobrado, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ángel Trabada Gómez, polo Grupo Municipal do Partido Popular, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello, don Luis A. Casais Fernández, titular da Asesoría Xurídica e actuando como Secretario don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do Servizo de Contratación, patrimonio e fomento do Concello de Lugo.

Asisten ó acto tamén don Ignacio Crecente, representante da empresa: ALENTI, SOLUCIONES PARA EVENTOS, S.L., dona Sonia Fernández, en representación da empresa: LUZSONGA, S.L., don David Melero, e dona María Jesús Ferro en representación da empresa: LUZ PUNTUAL, S.L., don Ángel Modia, don Arturo Vaquero e don Francisco González en representación da empresa: ESCOITAME PRODUCCIÓN, S.C., don Antonio Reija, en representación da empresa NALGURES PRODUCCIÓN.

Abre a sesión o Sr Presidente e procédese a informar ós presentes de que as empresas MIÑOMEDIA S.L e ESCOITAME PRODUCCIÓN S.C presentaron en prazo a xustificación requerida pola mesa de contratación sobre as súas ofertas económicas, as cales foran consideradas pola mesa anormais ou desproporcionadas en aplicación dos criterios do prego de cláusulas administrativas particulares. Paralelamente as empresas LUZ PUNTUAL S.L e ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS presentaron sendos escritos de alegacións ante a mesa de contratación que, en síntese, solicitan:

- No caso de LUZ PUNTUAL S.L que se faga constar que as ofertas presentadas pola empresa MIÑOMEDIA S.L son as mais elevadas de todas as presentadas na apertura de plicas.

## CONTRATACIÓN

MLA

Ref<sup>a</sup>: Acta proposta adxudicación

Asunto:

- No caso de ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L, por unha parte que se exclúa á proposición presentada pola empresa MIÑOMEDIA S.L xa que a súa oferta supera o prezo de licitación previsto no prego de cláusulas administrativas particulares e o erro no importe da oferta debe considerarse un defecto insubsanable e por outra, realiza unha serie de consideracións en relación á viabilidade da proposición presentada pola empresa ESCOITAME PRODUCCIÓN S.C a cal oferta un prezo de 0 euros para os servizos correspondentes aos tipos D e E.

Igualmente dase lectura ao informe emitido pola xefa da sección de cultura do Concello en relación coas xustificacións das baixas anormais ou desproporcionadas das empresas MIÑOMEDIA S.L e ESCOITAME PRODUCCIÓN S.C, que se reproduce a continuación:

"Informe da Sección de Cultura.- En cumprimento do interesado polo Servizo de Contratación, en relación coas xustificacións económicas polas ofertas presentadas no concurso de contratación do servizo de produción, apertura e vixilancia para execución de espectáculos e actividades no Auditorio e no Museo Interactivo da Historia, a funcionaria que subscribe informa o que segue:

### 1º.- Xustificación de MIÑOMEDIA S.L.

Relaciona, de forma sucinta,

- As actividades que realiza.
- Que a plantilla da empresa conta con técnicos con distintos cometidos.
- Que posúe material para a produción de espectáculos no Auditorio e no Museo Interactivo.
- E, no tocante ao sistema de luz incorporara un novo sistema de focos leds que aforrará entre un 70 e un 80 por 100 no consumo de enerxía.

Á vista deste escrito a funcionaria informante considera que non é unha xustificación propiamente dita porque non aporta ningún elemento que xustifique os prezos ofertados que, por outra banda, non se axustan ao establecido na cláusula 4.1. e ao modelo de oferta individual por tipo que figura no prego. (Sobre os prezos unitarios para tipo de xornadas os licitadores deberán realizar as súas ofertas).

### 2º.- Xustificación de ESCOITAME PRODUCCIÓN S.C.

Xustifica o coste "0 euros" no tipo "D" en que as dúas persoas que conforman a sociedade están capacitados para facer as funcións que se determinan neste tipo e porque a súa domiciliación está moi próxima aos establecementos e por tanto non supón gasto adicional de locomoción.

Así mesmo xustifica o coste "0" no tipo "E" en que os alegantes contan coa "a experiencia profesional" e "capacidade de medios técnicos que exceden co mínimo de medios técnicos exisidos no prego técnico" e con repostos suficientes incluso para o suposto de reemplazo dos medios técnicos exisidos.

Na cuarta alegación expresan que non deben considerarse as ofertas desproporcionadas o temerarias porque os costes dos tipos "D" e "E" estarían cubertos polo resto dos tipos (A, B e C).

Á vista do mesmo a funcionaria informante observa que os alegantes non tiveron en conta o que seguidamente se detalla:

- Que o prego establece na súa cláusula cuarta o seguinte:

*"O número de xornadas para cada tipo de actividades son unha estimación máxima. Esta estimación realizase a efectos de consignación orzamentaria polo que a empresa en ningún caso teña dereito o adxudicatario ó aboamento da totalidade de xornadas previstas senón só ás efectivamente realizadas ó abeiro deste contrato."*

- Que a empresa deberá garantir con recursos humanos e material para a execución da posible coincidencia de eventos nos dous establecementos de calquera tipoloxía.

- A segunda prescrición técnica "Descrición dos servizos contratados por tipoloxía das actividades e espectáculos", establece:

*"O Concello de Lugo poderá solicitar da empresa adxudicataria o cambio do tipo de xornadas segundo as necesidades municipais en función da correspondente valoración económica ofertada. Co cambio de tipos de xornadas nunca se poderá exceder a coantía total do importe da adxudicación"*

Polo anteriormente exposto debe concluírse que nas alegacións presentadas non queda xustificada a viabilidade do cumprimento das obrigas contratuais xa que non pode considerarse aceptable a hipótese mantida pola empresa nas súa xustificación cando sinala que *"los costes de estos tipos ya estarían cubiertos por los precios unitarios del resto de tipos (A, B y C)..."*

Tras analizar pormenorizadamente toda a documentación incorporada ao expediente de contratación, e previa consulta aos membros técnicos da mesa de contratación (titular da asesoría xurídica, interventor xeral e xefe do servizo de contratación), a mesa de contratación acorda por unanimidade os seguintes acordos:

- Excluir da licitación á empresa MIÑOMEDIA S.L, aceptando parte dos argumentos alegados polas empresas LUZ PUNTUAL S.L e ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L, ao non axustarse na súa proposición ao modelo establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, ofertando unhas cantidades que superan os prezos unitarios de licitación e sen que a mesa de contratación deba realizar interpretación algunha para establecer os prezos unitarios ofertados.

- Entender non xustificada axeitadamente a oferta económica presentadas pola mercantil ESCOITAME PRODUCCIONES S.C e excluila do procedemento polos

## CONTRATACIÓN

MLA

Refª: Acta proposta adxudicación

Asunto:

motivos postos de manifesto no informe da xefa da sección de cultura do Concello que se dan por reproducidos a efectos da fundamentación desta decisión.

- Propoñer a adxudicación do contrato á mercantil ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L nas condicións incluídas na súa proposición, por ser a oferta economicamente mais vantaxosa de acordo coa orde no que foran clasificadas segundo o seguinte cadro final de puntuacións:

|                       | Tipo A | Tipo B | Tipo C | Tipo D | Tipo E | TOTAL |
|-----------------------|--------|--------|--------|--------|--------|-------|
| LUIS FRAGIO           | 1,23   | 1,34   | 1,35   | 0,55   | 0,39   | 4,86  |
| ALENTI                | 1,92   | 1,25   | 2      | 1,27   | 1,45   | 7,89  |
| ESCOITAME PRODUCCIONS | 1,77   | 1,86   | 0,46   | 2      | 2      | 8,09  |
| LUZ PUNTUAL           | 0,01   | 0,02   | 1,67   | 0,49   | 0,5    | 2,69  |
| LUZSONGA              | 2      | 2      | 1,34   | 1,25   | 0,57   | 7,16  |

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:15 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA



SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz